



A Subdelegación do Goberno en Lugo, adscrita ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, exerce todas as funcións atribuídas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, coordinando, supervisando e impulsando iniciativas para a mellora de todos os servizos da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos públicos situados no seu territorio.

### Servizos que prestamos

- 1 Información e atención á cidadanía.
- 2 Violencia sobre a muller.
- 3 Servizos dirixidos a inmigrantes en España.
- 4 Servizos relacionados con emprego ou emigrantes.
- 5 Homologación/equivalencia de títulos académicos e expedición de títulos.
- 6 Tramitación de expedientes relacionados con explosivos e pirotecnia.
- 7 Expropiacións. Tramitación de expedientes de prezo xusto.
- 8 Intervención estatal ante situacións de emerxencia ou catastróficas.
- 9 Sanidade animal: control veterinario importación/exportación.
- 10 Devolución de taxas.
- 11 Xustiza.
- 12 Expedientes correspondentes a sancións administrativas.
- 13 Solicitudes de autorizacións administrativas.
- 14 Servizos a empresas e outras administracións.
- 15 Dereito de reunión.

### Compromisos de calidade

- 1 Emitir a taxa 052 nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 2 Emitir a taxa 062 nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 3 Gravar as solicitudes de renovacións de autorizacións de Estranxeiría – Presentación Ordinaria: Descarga do Impreso nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 4 Gravar as solicitudes telemáticas de renovacións de autorizacións de Estranxeiría nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 5 Gravar as solicitudes telemáticas iniciais de autorizacións de Estranxeiría nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 6 Resolver as solicitudes de autorización para a realización de espectáculos con artificios pirotécnicos de máis de 100 kg, executados por expertos, nun prazo máximo de 5 días hábiles desde que se reciben os informes preceptivos.
- 7 Responder as queixas recibidas por calquera medio nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a entrada na Subdelegación do Goberno.
- 8 Elaborar o informe e remitir o expediente de axudas dirixidas a atender situacións de extraordinaria necesidade de españois de orixe retornados (Real Decreto 1493/2007) para a súa resolución nun prazo máximo de 30 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 9 Emitir os Certificados de Emigrantes Retornados nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a recepción da solicitude, sempre que se dispoña de toda a documentación necesaria para a tramitación.
- 10 Resolver as solicitudes de autorización de empresas de voaduras especiais cunha antelación máxima de 5 días hábiles á caducidade da autorización anterior, sempre que se reciba a documentación necesaria.
- 11 Resolver as solicitudes de autorización de armeiros para empresas de seguridade nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a recepción do informe favorable da Intervención de Armas e Explosivos.
- 12 Asignar cita previa para a atención na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro nun prazo máximo de 5 días hábiles desde a recepción da solicitude.
- 13 Responder as consultas dirixidas á caixa de correos das Oficinas de Estranxeiría nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a súa recepción.
- 14 Contestar os correos electrónicos que soliciten información de Estranxeiría nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a recepción do correo.
- 15 Contestar os correos electrónicos que soliciten información na Oficina de Información e Atención á Cidadán / Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros nun prazo de 15 días hábiles desde a recepción do correo.
- 16 Contestar os correos electrónicos que soliciten información na Oficina de Información e Atención á Cidadán / Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros nun prazo de 15 días hábiles desde a recepción do correo.
- 17 Responder ás consultas relacionadas coa tramitación de expedientes do Xurado de Expropiación nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a súa recepción.
- 18 Publicar en redes sociais un mínimo de 3 contidos semanais.

#### Unidade responsable da carta:

Secretaría Xeral da Subdelegación do Goberno en Lugo

Calle Armanyá, 10 – 27001 Lugo

982 75 90 00

[secretario\\_general.lugo@correo.gob.es](mailto:secretario_general.lugo@correo.gob.es)

[https://mpt.gob.es/portal/delegaciones\\_gobierno/](https://mpt.gob.es/portal/delegaciones_gobierno/)



Edita: Ministerio de Política Territorial  
e Memoria Democrática  
NIPO: 127-24-008-2



Consulte aquí o texto completo  
da carta de servizos